



## RODODENDRO DO PONTO

*Rhododendron ponticum*

*SABÍAS QUE...? O rododendro mediterráneo corre o risco de desaparecer dos bosques da Península Ibérica pola seca, pero converteuse nunha praga en Reino Unido, Irlanda, Bélxica e Francia grazas á humidade atlántica.*

É un xénero de plantas anxiospermas pertencente á familia Ericaceae, que contén máis de 1000 especies coñecidas. Pertence ao xénero Rhododendron, no cal se atopan tamén as Azaleas. Este xénero está amplamente estendido, aínda que a maior diversidade dáse en pártea sueste da cordilleira do Himalaia, desde Nepal central e o Leste de Sikkim até Yunnan e Sichuan, con outras zonas tamén de relevante diversidade nas montañas de Indochina, Xapón e Taiwan.

**Nome común:** Rododendro del Ponto (cast.); Rododendro do Ponto (gal.); Pontic rhododendron (ing.).

**Etimoloxía:**

- Rhododendron: nome xenérico que deriva das palabras gregas  $\rho\acute{o}\delta\omicron\nu$ , rhodon = "rosa" e  $\delta\acute{\epsilon}\nu\delta\rho\nu$ , dendron = "árbore"
- ponticum: epíteto latino que significa "do Pontus, na costa norte de Turquía"

**Descrición da especie:** Arbusto de 1-3 m de altura. Ramiñas lisas, de cor parda. Follas grandes, pecioladas, elípticas, enteiras, coriáceas, verde brillante polo feixe e máis claras polo envés. Floración espectacular; inflorescencias con 8-15 grandes flores no extremo das súas ramas. Pedicelo con pelos glandulosos e brácteas prontamente caducas. Corola acampanada ou en forma de embude, con pelos no fondo pola parte interior, cos lóbulos máis longos que o tubo, de cor rosada-violácea. Estames cos filamentos capilares na metade inferior e curvados cara arriba. Ovario e froito sen pelo.

